Fai dous anos, o Goberno en funcións de M. Rajoy, de maneira irregular e saltándose o consenso social e político entorno á necesaria retirada desta actividade na Ría de Pontevedra, decidiu regalarlle aos propietarios de ENCE 60 anos máis de explotación na Ría de Pontevedra, tras obviar a sentenza xudicial que insta á administración a incoar o expediente de caducidade por incumprimento de concesión, e obviando as promesas electorais do seu propio partido, que viña manifestando a necesidade de sacar o complexo do seu emprazamento polos prexuízos que conleva.

Meses despois do anuncio da prórroga por parte do Goberno en funcións, que mobilizou a miles de persoas na cidade de Pontevedra e mesmo lle valeu a M. Rajoy a consideración de "Persoa non grata" no pleno municipal, o noso grupo no Congreso presentou unha PNL solicitando a derrogación da prorroga da concesión, a cal foi aprobada tras unha transacción co PSOE.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar o Goberno central a que execute o mandato do Congreso que acorda a derrogación da prórroga da concesión de ENCE, que consta dos seguintes puntos:

1. Promover urxentemente, mediante a presentación do correspondente Proxecto de Lei, a recuperación dos niveis de protección do litoral recollidos na Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, deixando sen efecto as modificacións introducidas neste senso pola Lei 2/2013, de 29 de maio.

2. Iniciar de forma inmediata os trámites para a revogación da prórroga da concesión por 60 anos outorgada a ENCE Enerxía e Celulosa na cidade de Pontevedra.»

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 16:26:51**

**Antón Sánchez García na data 28/06/2018 16:27:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32936
Data envío: 28/06/2018 18:12:02.907

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira,** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Manuel Lago Peñas**, **Eva Solla Fernández**, **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Julia Torregrosa Sañudo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de abril de 2018 a Xunta de Galicia publicou o procedemento para a contratación administrativa da execución da programación das actividades de educación non formal da Campaña de Verán 2018 (en 13 lotes), unha campaña que vai comezar o 1 de xullo.

A tardanza na convocatoria do concurso e o feito de que no prego de cláusulas administrativas para a contratación destes servizos a oferta económica ponderase un 60%, sendo o criterio que máis puntuaba, levou a que, tras a apertura do sobre B (oferta económica) varias empresas que optaban ás adxudicacións quedasen por baixo do custe mínimo establecido tendo en conta a estimación do que suporía aplicar o convenio colectivo do sector e por debaixo do custo de persoal estimado pola Xunta en cada un dos lotes. En todos os lotes salvo un a mellor oferta estaba por baixo dos custos mínimos establecidos para persoal por convenio colectivo. Ademais, unha destas empresas (SUPERNOVA) está incursa nun proceso xudicial, sendo o seu administrador investigado no marco da fraude dos cursos de formación (caso Qatedra).

Logo desta situación, 10 dos 13 lotes do concurso quedaron desertos, o 22 de maio de 2018, por considerar que as ofertas presentadas polas empresas non eran viables. Ditos lotes pasaron a ser adxudicados mediante negociación sen publicidade, por 949.489,68 € con IVE, a empresas que xa fixeran ofertas no procedemento anterior - HEBE SPORT, MAREXADA e VIDA LÁCTEA – e que incumpriran, no procedemento anterior, "especificacións referentes a número de monitorado e a condicións laborais".

Así, para dar comezo ás actividades da Campaña de Verán 2018, a Xunta tivo que negociar en pechado coas empresas e improvisar solucións, convocando dun día para outro a monitores/as a un proceso de selección, indicando que se teñen que anotar no paro, coa intención de contratar directamente pola Xunta a primeira quenda dos campamentos. Mércores, 27 de xuño, colocáronse carteis en edificios administrativos da Xunta convocando a probas de selección para o día seguinte. Tamén colocaron anuncios as propias empresas vía redes sociais. Deuse o caso de que monitores/as estaban preseleccionados ou foran contactados por parte das empresas e que dun día para outro, ou mesmo no propio día, dende a mañá ata as 16 horas do día 28 de xuño, tiveron que anotarse nas listas do paro e arranxar todo o papeleo para poder acceder á selección. Ao ser esta unha categoría na que non hai xente nas listas de contratación, da Xunta o chamamento realízase mediante unha comisión de selección.

Esta rapidez e improvisación impide dar calidade ao servizo, xa que os e as monitoras que se incorporen descoñecen tanto as instalacións coma o futuro alumnado e compañeiros e compañeiras, non tendo tempo a preparar a campaña.
O convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural foi asinado o 21 de maio de 2015, coas conseguintes táboas salariais, que non se garanten coa oferta á baixa que se formaliza nos contratos

dos campamentos de verán da Xunta ano tras ano. Anteriormente, os e as monitoras de tempo libre para estas actividades contratábanse directamente por parte da Xunta.

É unha evidencia a falta de compromiso da Xunta co sector dos e das monitoras de tempo libre e co seu convenio de condicións laborais e salariais; é evidente a improvisación a respecto da Campaña de Verán e a falta de interese por parte da Xunta de ofrecer un bo servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a contratar de xeito directo, como servizo público, e catalogar vía RPT da Consellería de Política Social, ao persoal monitor de tempo libre das Campañas de Verán da Xunta, garantindo as súas condicións laborais axustadas ao convenio colectivo de referencia.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 28/06/2018 18:10:16**

**Paula Vázquez Verao na data 28/06/2018 18:10:20**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/06/2018 18:10:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32936
Data envio: 28/06/2018 18:12:02.907

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Carmen Santos Queiruga na data 28/06/2018 18:10:26**

**Antón Sánchez García na data 28/06/2018 18:10:29**

**Eva Solla Fernández na data 28/06/2018 18:10:31**

**Luca Chao Pérez na data 28/06/2018 18:10:34**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2018 18:10:36**

**Magdalena Barahona Martín na data 28/06/2018 18:10:41**

**José Manuel Lago Peñas na data 28/06/2018 18:10:43**

**Francisco Casal Vidal na data 28/06/2018 18:10:46**

**David Rodríguez Estévez na data 28/06/2018 18:10:48**

**Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 18:10:51**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 28/06/2018 18:10:53**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:44
Nº Rexistro: 32912
Data envio: 28/06/2018 12:44:56.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de xuño de 2018 a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados “A Manada”, condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño de 2018 están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:44
Nº Rexistro: 32912
Data envio: 28/06/2018 12:44:56.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Tribunal reacciona Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, as persoas maxistradas confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é a persoa condenada: a vítima ou os seus agresores?

Desde o Parlamento galego cómpre recoller o clamor na rúa dos milleiros de persoas que saíron á rúa lamentar estes acontecementos e declarar estes agresores persoas non gratas no noso país para deixar claro o rexeitamento aos agresores, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condenada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso. O caso da Manada é o cumio do iceberg e debe visibilizar os casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución:

1. Declarar persoas non gratas no noso país a:

José Ángel Prenda Martínez

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena

Jesús Escudero Domínguez

Ángel Boza Florido

Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 12:43:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 12:43:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2018 12:44:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2018 12:44:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2018 12:44:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 12:44:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32916
Data envio: 28/06/2018 12:55:34.298

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia exercida contra as mulleres ten sido historicamente ocultada, invisibilizada e non priorizada nas axendas políticas. Aínda foi no ano 1993 cando a Asemblea Xeral da ONU aprobou a «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller», na que recoñece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». No seu artigo 1º define, por primeira vez no marco internacional, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada». As violacións son unha das manifestacións máis crueis desta violencia contra as mulleres e debe ser obxecto de toda a sociedade a súa repulsa e combate.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32916
Data envío: 28/06/2018 12:55:34.298

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso para o seu cumprimento efectivo.

Desde hai máis dun ano vivimos pendentes do desenvolvemento do xuízo e posíbel sentenza do caso coñecido como *A manada*, unha brutal violación en grupo realizada durante os San Fermíns do ano 2016 por Antonio Manuel Guerrero Escudero, José Ángel Prenda, Alfonso Jesús Cabezuelo, Ángel Boza e Jesús Escudero. Finalmente, despois dun amplo debate público no que se deron detalles excesivos do acontecido e se cuestionou permanentemente á vítima, chegou a sentenza.

A Audiencia de Navarra vén de considerar aos acusados culpábeis dun delito de abuso sexual con prevalimiento. Isto é, o tribunal entende que non existiu violencia nin intimidación e que polo tanto non houbo agresión sexual. Co vixente Código Penal poderíaselles ter condeado por agresión sexual e sentenciado en consecuencia, como propuña, por exemplo, a Fiscalía.

Se ben esta sentenza aínda non é firme e está pendente de recurso, desatou unha profunda indignación non só social, tamén no eido xudicial. Independentemente do que aconteza a futuro, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego, esta sentenza non é un problema puntual ou individual, senón un caso máis de machismo xudicial que nos afecta a todas e envía unha serie de mensaxes perigosísimas a todas as vítimas e, por extensión a todas as mulleres.

Con esta sentenza estase a enviar unha mensaxe ás mulleres de falta de credibilidade, de cuestionamento do consentimento e de vulnerabilidade ao abeiro dos mecanismos que o sistema ofrece teoricamente para protexelas. O machismo que

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impregna a sentenza envía a mensaxe de que a vítima da violación debe resistirse e ter datos físicos no exterior do seu corpo para demostrar que foi realmente violada. Envía unha mensaxe de que só non se dubidará da vítima se a violencia acaba con ela. Erroneamente e contra o sentido dos acordos en materia de violencia machista equipara a violencia só coa física e ademais reproduce os estereotipos machistas que debera ter superados un ámbito como o xudicial. Cómpre, polo tanto, lanzar unha mensaxe á sociedade de que se reflexionará para arbitrar os mecanismos necesarios para evitar sentenzas deste tipo e para o cumprimento efectivo do marco legal no que nos temos dotado garantindo a formación e sensibilización dos axentes. Máis aínda, esta mensaxe negativa ás mulleres incrementouse cando o 21 de xuño de 2018 a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores).

É preciso recordar a importancia e gravidade das violacións na nosa sociedade. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Á hora de denunciar as mulleres deben confiar nas institucións. Polo tanto, o acontecido vai en detrimento desta confianza e hai que enviar unha mensaxe de repulsa e excepcionalidade desde os poderes públicos, así como o compromiso de construír unha sociedade máis xusta onde o machismo e as violacións non teñan cabida nin a máis mínima tolerancia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza:

1. Acorda, por resolución, expresar a súa solidariedade e apoio con todas as vítimas de violacións e, particularmente, coa vítima do caso da Manada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32916
Data envio: 28/06/2018 12:55:34.298

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Acorda, por resolución, reprobar os xuíces do caso da Manada.

3. Acorda, por resolución, declarar persoas non gratas no noso país a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

4. Acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central a realización das modificacións legais oportunas para habilitar mecanismos de control máis efectivos que permitan apartar do seu cargo e funcións aqueles xuíces que ditaren sentenzas machistas.

5. Acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central o cumprimento da lexislación vixente e acordos políticos en materia de violencia machista. De forma especial, o cumprimento do recollido canto á formación dos operadores xurídicos.

6. Acorda instar á Xunta de Galiza e á Secretaría Xeral de Igualdade a habilitar os mecanismos precisos para facer seguimento e estudo de sentenzas machistas e propoñer as actuacións precisas para evitalas.

7. Acorda dar traslado deste acordo plenario ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á representación legal dos cinco condenados pola agresión sexual xulgada na

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Audiencia Provincial de Iruña e á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten."

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 12:53:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 12:53:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2018 12:53:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2018 12:53:24**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2018 12:53:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 12:54:05**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Tarxeta Benvida é unha axuda económica ás familias con renda inferior a 45.000 € anuais, consistente en 100 € ao mes, destinada a "contribuír ao pagamento dos gastos realizados no primeiro ano de vida do neno ou nena", así como durante os tres primeiros anos no caso das familias con renda igual ou inferior aos 22.000 €.

Na Orde que regula estas axudas para o ano 2018 (publicada no DOG o venres, 29 de decembro de 2017), regúlase as persoas beneficiarias, no artigo 3:

"Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade
Autónoma de Galicia que se encontran nun dos seguintes supostos:

a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nadas/os entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

2. Tamén se poderán beneficiar da axuda as galegas e os galegos e os seus descendentes que se encontren en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

Coa Tarxeta Benvida poden mercarse "produtos básicos para o neno ou nena como, entre outros, leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos". Así mesmo, a tarxeta "poderá ser utilizada soamente en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia".

As persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa non poden acceder á tarxeta benvida, pese a ter este colectivo máis dificultades para o acceso a produtos básicos para a infancia que o resto da poboación.

As persoas migrantes en situación irregular cumpren o requisito de residencia en Galicia, pero non poden acceder á axuda por ausencia de DNI ou NIE.

Coa falta de acceso á Tarxeta Benvida por parte de persoas migrantes estase a vulnerar o principio da Convención dos Dereitos da Infancia segundo o cal todos os nenos e nenas nacen iguais en dereitos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a garantir o acceso á Tarxeta Benvida por parte de todas as persoas migrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos de acceso a dita axuda.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 18:54:22**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 18:54:30**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:44
Nº Rexistro: 32807
Data envío: 26/06/2018 10:44:33.748



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

## Exposición de motivos

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo Grupo Toysal (a efectos de incluíla na presentación de solicitude de autorización ambiental integrada) para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás.

As conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará "diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos" e que é imposible establecer un plan de restauración detallado, dada a imposible previsión da evolución das condicións socio-económicas locais e nacionais.

As veciñas e os veciños están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada "Casalonga limpa de Residuos", polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións, posto que a Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños teñen o apoio do seu Concello, que no Pleno do día 30 de maio acordaba, por unanimidade, o rexeitamento deste tipo de instalacións en solo rústico.

Non pasa só na Casalonga, tamén noutros lugares de Galicia onde se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo

Partido dos Socialistas de Galicia

rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais. Cómpre mudar esta realidade, ou ben modificando a propia Lei do solo de Galicia de 2016 (o seu artigo 35) ou ben o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (o seu apartado 9.1.3).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar a normativa relativa a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais coa fin de que non sexan actividades permitidas neses solos, no seguinte senso:

1. Modificando inmediatamente e sempre antes do mes de setembro de 2018, o apartado 9.1.3 do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, de maneira que se suprima a expresión “preferentemente”.

2. Traendo a Cámara galega no seguinte período de sesións a modificación do artigo 35.1.m da Lei do solo de Galicia, 2/2016, de maneira que se prohiba este tipo de instalacións en solo rústico.

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:36:38**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2018 10:36:44**

**María Luisa Pierres López na data 26/06/2018 10:36:49**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 10:36:53**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

## Exposición de motivos

Nos xulgados de Galicia ventílanse todos os días asuntos de familia, procesos civís non só relativos a pretensións de carácter privado, senón que neles as facultades de xuízas e xuíces vense ampliadas en garantía, sobre todo, do interese superior do menor. Neles resólvense conflitos familiares que, ás veces, encaran relacións de alta conflitividade que vai máis alá de despois de ditada a sentenza, co colapso e o gasto público que supón. Algúns estados -como Canadá e USA- estanse a tomar moi en serio esta cuestión e ao fío ten xurdido a figura do coordinador parental, un auxiliar ou colaborador de xuízas e xuíces para a implantación efectiva das medidas xudiciais despois do conflito de parella en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores e con facultades de xestión dos conflitos para reconducir a familia cara á normalización da nova situación.

Pese a que en España este problema tamén existe, non conta con regulación específica, mais a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 26 de febreiro de 2015, abriu unha porta. Encaixaría perfectamente atendendo a textos legais internacionais, europeos, nacionais e autonómicos: Convención Universal dos Dereitos do Neno de 1989, Convención Europea sobre Dereitos do Menor de 1996, Constitución Española de 1978 e lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor de 1996.

Xa no ámbito de Galicia, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula o apoio familiar como proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de

Partido dos Socialistas de Galicia

problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares. Neste ámbito, o seu artigo 36 di que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación e, en concreto, a través dos departamentos competentes en materia de Familia e Xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. Un deses recursos de apoio familiar podería ser a figura do coordinador parental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, enmarcado no apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, introducir a figura do coordinador parental como auxiliar dos xulgados con competencia en materia de familia e coa fin de facilitar unha dinámica familiar positiva e a solución de problemas xurdidos despois do conflito de parella, en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores.

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:49:53**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:04
Nº Rexistro: 32817
Data envio: 26/06/2018 11:04:41.201



**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 10:49:59**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/06/2018 10:50:03**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2018 10:50:08**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 10:50:13**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e **Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**

Exposición de motivos

A empresa viguesa Toysal vén de manifestar a súa vontade de instalar en Teo unha planta de reciclaxe para producir biogás e fertilizantes. Trataría 90.000 toneladas anuais de xurros, lodos e residuos orgánicos procedentes de conserveiras e outras industrias agroalimentarias que teñen problemas coa xestión de desperdicios. A instalación estaría situada a só 400 metros dun núcleo de poboación e ocuparía uns 135.000 metros cadrados.

O proxecto contempla unha balsa de 7.000 metros cúbicos para almacenar residuos, dous gasómetros para 1.000 metros cúbicos cada un, un espazo para o lavado diario de 20 camións que transportarían os residuos orgánico e lodos á planta e unha nave de recepción de residuos duns 2.000 metros cadrados, entre outras instalacións.

Coa construción da planta de reciclaxe, a contorna de Compostela ficaría rodeada por tres industrias altamente contaminantes. Nun triángulo de 139 quilómetro cadrados teríamos a mina de Touro, o vertedoiro de Grixoa e a propia planta de reciclaxe, tres iniciativas empresariais que espertan un enorme rexeitamento na poboación local. A actividade destas empresas tería uns efectos funestos no Camiño de Santiago, nos espazos densamente poboados de arredor e, por suposto, nos terreos agrícolas e gandeiros da zona.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Recentemente, a asociación ecoloxista ADEGA presentou un informe cunha valoración exhaustiva do proxecto de TOYSAL. As carencias que sinala vinculadas ao proxecto son moitas e merecen ser tidas conta polas diferentes administracións. Cabe sinalar as seguintes:

1) Non se garante a calidade dos produtos a reciclar, xa que non se especifican as características dos residuos de entrada, en particular do seu contido de metais pesados.
2) Non se indica de onde procederían os residuos a tratar.
3) Xeraríanse 48.000 toneladas anuais de augas residuais, que se empregarían na rega de 20 hectáreas de eucaliptais, pero non se di que superficies se empregarán con esta finalidade, nin se están dispoñíbeis na propia explotación. A carga orgánica e nitroxenada que recibiría o eucaliptal resultaría moi elevada, e requiriría a súa xestión como filtro verde ou zona húmida construída para a depuración de augas residuais.
4) A descrición que se ofrece dos residuos a tratar é confusa e contraditoria.
5) A fosa séptica que se proxecta non é axeitada para recibir augas pluviais de escorrentía e de lavado de camións.

Así, ADEGA conclúe que as "deficiencias do proxecto fan pensar que se trata máis ben de aproveitar un espazo degradado onde depositar residuos que nun verdadeiro proxecto de reciclaxe e economía circular".

Por estas e outras razóns, os concellos afectados polo vertedoiro manifestáronse xa na súa contra. En Teo, tódolos partidos da corporación municipal, incluído o Partido Popular, votaron a favor dunha moción conxunta contra a planta de residuos, pois "nunha primeira valoración técnica" a administración local xa comprobou a "grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos

os núcleos urbanos e rurais que se sitúan nunha ampla zona arredor". Coherentemente, os partidos solicitaron que se "adopten todas as medidas necesarias" para "evitar a instalación desta planta de reciclaxe na Casalonga". Tralo pronunciamento de Teo, Ames e Brión decidiron sumarse á demanda e opoñerse conxuntamente ao vertedoiro.

Agora, tócalle ao Goberno da Xunta pronunciarse acerca de se está coa veciñanza ou con este proxecto cheo de incertidumes.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para evitar a instalación da planta de reciclaxe que Toysal proxectou en Teo.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 26/06/2018 14:00:24**

**Antón Sánchez García na data 26/06/2018 14:00:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 18:18
Nº Rexistro: 32845
Data envío: 26/06/2018 18:18:59.183

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

Galicia rexistrou 6.649 accidentes laborais no primeiro trimestre do ano 2018, o que supón un aumento do 3,53 % en comparación co mesmo período do ano anterior. Do total, oito foron mortais, 117 graves e 6.524, leves. Segundo datos oficiais, hai un forte incremento dos sinistros graves, que pasaron de 88 no primeiro trimestre de 2017 aos 117 deste ano, un 33 % máis. Unha cifra moi preocupante que nos sitúa como a segunda comunidade do Estado no relativo aos accidentes graves.

A sinistralidade laboral non só é o peor dos indicadores socioeconómicos na actualidade, senón que unida ás enfermidades profesionais, está a converterse nun problema de saúde pública de primeira orde cos seus consecuentes efectos negativos para o sistema galego de saúde e a nosa economía. A reforma laboral do Partido Popular supuxo unha precarización sen precedentes do mercado laboral cun aumento do risco de sufrir accidentes: a alta temporalidade e unha rotación sen precedentes, acompañada de falta de formación, non son alleas a esta sinistralidade.

Distintas normas internacionais, nacionais e autonómicas recoñecen o dereito á seguridade e saúde no traballo dos traballadores e traballadoras. Este dereito implica unha obrigación para os poderes públicos que deben responder, ademais, ás demandas dunha sociedade cada vez máis sensibilizada e esixente coa seguridade e saúde no traballo, como parte esencial do benestar social. En primeiro lugar, impulsando políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais e en segundo lugar, é necesario acabar co traballo precario,

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

investir en prevención e acometer unha análise profunda da normativa vixente, ademais de recuperar a negociación colectiva e a concertación social para acometer todas estas reformas, sen esquecer a importancia das campañas da Inspección de Traballo e Seguridade Social que teñen encomendado a vixilancia do cumprimento da normativa, entre outras, en materia preventiva, en colaboración coas comunidades autónomas.

Outro ámbito de actuación moi pouco desenvolvido é a prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero xa que de forma bastante xeneralizada o enfoque que se adopta no ámbito da prevención de riscos é neutro coas cuestións de xénero. Non se deu a suficiente relevancia á influencia dos aspectos de xénero na xestión da prevención e a saúde laboral, e á súa incidencia na avaliación, planificación e adopción de medidas preventivas polas empresas, favorecido polo silencio lexislativo destas cuestións; é máis, aspectos como a ergonomía, a organización do traballo e a avaliación de riscos psicosociais son algúns dos aspectos menos tidos en conta e peor desenvolvidos pola pequena e mediana empresa, que centra a súa actuación preventiva nas especialidades da seguridade e a hixiene.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o cumprimento da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral para que se desenvolvan coherentemente e de xeito coordinado as políticas en materia de prevención de riscos laborais, co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.

1.1 No marco do diálogo social, introducir na Estratexia galega de seguridade e saúde laboral actuacións que garantan a perspectiva de xénero, tanto nos plans de acción, como nas campañas de divulgación.

2. Desenvolver campañas nos centros de traballo e nos centros educativos para sensibilizar do valor e da importancia que ten a prevención de riscos laborais, fomentando boas prácticas preventivas.

3. No ámbito formativo, desenvolver os cambios necesarios para a

adecuación da formación ás necesidades empresariais e que exista unha maior homoxeneidade na formación regrada en prevención de riscos laborais.

4. Incrementar durante a X lexislatura o orzamento dedicado á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral, mediante a participación dos axentes sociais, ata os niveis do ano 2011.

5. Coordinar coa Inspección de Traballo e de Seguridade Social campañas para o control do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais, incidindo nos sectores de maior sinistralidade, riscos emerxentes e traballadores máis vulnerables, entre eles, novos, mulleres e persoas con discapacidade.

6. Adoptar as medidas que permitan o seguimento e avaliación da perspectiva de xénero no ámbito de seguridade e saúde laboral nos convenios colectivos e nos instrumentos a través dos cales leva a cabo a prevención de riscos laborais.

7. Realizar un maior control das condicións de traballo dos autónomos, así como incrementar a sensibilización neste colectivo, para elo:

7.1 Realizaranse campañas en materia de prevención específicas.

7.2 Crearase un rexistro da sinistralidade en traballadores autónomos.

7.3Publicaranse informes semestrais de siniestralidade neste colectivo.

8. Reforzar a colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Goberno de España, para fortalecer a cooperación técnica e material e a comunicación entre todos os organismos e Administracións que interveñen na investigación dos accidentes laborais, para reducir os tempos de espera entre o accidente e a sentenza.

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 18:18
Nº Rexistro: 32845
Data envío: 26/06/2018 18:18:59.183

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 18:16:20**

**Julio Torrado Quintela na data 26/06/2018 18:17:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 18:17:22**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª., Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

## Exposición de motivos

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2018, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

Estas subvencións van dirixidas a concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2017 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos) ou as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, para o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses.

Para o cumprimente do obxectivo establécese un financiamento polos importes de 1.590.000,00 euros e 1.680.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2018, e 3.710.000,00 euros e 3.920.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2019.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32867
Data envío: 27/06/2018 14:09:22.120



Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1. Elabore un informe sobre os resultados acadados con esta subvención, dende a súa implantación, distribuído por concellos.
2. Achegue o informe contemplado no punto anterior ao Parlamento de Galicia, co obxecto de poder facer un balance así como poder facer achegas por parte de cada grupo político, na procura de mellorar os resultados.
3. Estableza un programa, conxuntamente cos concellos galegos, coa totalidade dos fondos non executados da partida 322.A. Fomento da empregabilidade, para a contratación de persoas desempregadas.
4. Execute a totalidade das contías orzamentadas no programa 322.A. Fomento da empregabilidade.

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2018 14:08:07**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 14:08:17**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2018 14:08:35**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2018 14:08:53**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2018 14:09:04**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32875
Data envío: 27/06/2018 17:13:11.943

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as actuacións urxentes que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estrata LU-161 (Landrove-Ferreira do Valadouro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento dunha zona e o seu futuro depende, si ou si, da súa conexión e vertebración coas principais vilas e cidades do país. Depende da existencia de vías de comunicación que nos permitan, á poboación e ás empresas, acceder en pouco tempo e con seguridade ás vilas da comarca e conectarnos nun corto espazo de tempo ás vías de alta capacidade máis próximas.

Aquelas parroquias que se asentan entorno a estradas que no canto de favorecer a súa conexión, as incomunica e as illa das vilas principais, ven perigar gravemente a súa existencia.

O deterioro e abandono destas estradas contribúe, amén doutros factores, ao esmorecemento de aldeas e parroquias, entre outras, como a de landrove, San Pedro, Valcarría, Chavín, San Andrés de Boimente, As Lobeiras, Vilacampa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32875
Data envío: 27/06/2018 17:13:11.943

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuxa principal vía de comunicación que as atravesa (LU-161) e que comunica os municipios de Viveiro, Ourol, O Valadouro e Mondoñedo, entre outros, é unha estrada totalmente desfeita, con numerosas deficiencias no firme e no trazado, de escasa anchura, cunetas en mal estado e sen beiravías. Unha estrada onde as veciñas e veciños destas parroquias veñen sendo testemuñas, desde hai anos, de numerosos accidentes que sofren os usuarios deste vial debido á existencia de puntos especialmente sensibles para a circulación, con curvas perigosas, sen marxe entre o límite do carril e o final da calzada, escasa e mala sinalización horizontal e cunetas sen revestir, mal conservadas e cuns desniveis moi fortes que aumentan a gravidade e as consecuencias da saída da vía dos vehículos e que carece dun marxe mínimo que permita a/ao condutor/a corrixir a traxectoria, esquivar un obstáculo, ou frear, sen saírse da calzada.

Desde o BNG denunciamos a perigosidade e as condicións de abandono desta infraestrutura da Xunta de Galicia e critica a pasividade e a falta de interese dos responsables da Xunta do PP amosado pola seguranza viaria desta estrada que, a pesares das numerosas e continuas demandas feitas pola veciñanza e diversas entidades nos últimos anos, tan so se dedicaron a realizar obras de parcheo en tramos moi puntuais en épocas electorais, mais nunca chegaron a contemplar a erradicación dos puntos negros existentes nesta estrada nin a poñer en marcha actuacións necesarias para a mellora e o acondicionamento deste vial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32875
Data envio: 27/06/2018 17:13:11.943

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para executar obras de mellora e acondicionamento na estrada LU-161 (Landrove-Ferreira de Valadouro) co obxectivo de poñer fin ao estado lamentable deste vial, unha das principais vía de conexión da veciñanza viveirense coa Comarca da Mariña Central."

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2018 17:10:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32875
Data envío: 27/06/2018 17:13:11.943

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2018 17:10:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2018 17:10:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2018 17:10:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2018 17:10:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2018 17:10:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:03
Nº Rexistro: 32882
Data envío: 27/06/2018 18:03:55.850

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3ª., Economía, Facenda e Presupostos.**

## Exposición de motivos

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Orzamentos Familiares e a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2017.

A enquisa de condicións de vida establece que os ingresos medios anuais por fogar en 2016, para o conxunto do Estado, aumentaron nun 3,1%, acadando 27.558 euros; sendo o ingreso medio por persoa 11.074 €, o que supón un incremento do 3,4% respecto do ano anterior. Non obstante, no caso de Galicia os ingresos medios por persoa sitúanse en 10.753€ , ocupando o 11º lugar de todas as CCAA.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,7%, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado, cun 6,2% dos fogares que manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes e un 23,7% que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Para o dato de distribución da poboación en quintiles segundo os seus ingresos, temos que o 36,4% da poboación galega se atopa nos quintiles 1º e 2º, fronte a un 15,5% que estaría no 5º quintil.

En canto á enquisa de Orzamentos Familiares, temos que o gasto medio por fogares medrou, en termos correntes, un 3,5%, situándose en 29.188 € e en 11.726 o gasto medio por persoa, mentres que para Galicia o gasto medio por persoa sitúase en 10.938€, o que supón un índice do 93,3% sobre a media de gasto medio por persoa, situándose na posición 12ª de todas as CCAA.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para:

1ª.) Que a Xunta de Galicia incremente as partidas orzamentarias destinadas ao fomento de emprego.

2ª.) Que estableza, conxuntamente con todos os concellos galegos, programas de contratación para desempregados cunha duración anual a tempo completo.

3ª.) Que execute o 100% das partidas orzamentarias destinadas ao fomento da empregabilidade.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2018 18:03:17**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 18:03:27**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/06/2018 18:03:35**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 11:44
Nº Rexistro: 32894
Data envío: 28/06/2018 11:44:25.954

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado e deputada Antón Sánchez García e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 2.ª.

Exposición de motivos

A incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio Público é unha demanda moi maioritaria na sociedade galega e nas súas forzas políticas.

A propiedade aínda é hoxe un símbolo da Ditadura franquista que practicou o espolio e a represión dun xeito brutal.

Franco e as autoridades franquistas valéronse da violencia e a intimidación para facerse coa propiedade diante dunha veciñanza que pouco puido facer para defender os seus dereitos e propiedades.

A vontade maioritaria de galegas e galegos é converter o Pazo de Meirás nun símbolo da memoria histórica democrática, incorporándoo ao Patrimonio Público, e no que as diferentes administracións, Estado, Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concello de Sada, e dun xeito coordinado, o destinen a usos públicos centrados na memoria histórica galega, reivindicando os valores republicanos e democráticos.

Diante desta demanda téñense producido diferentes iniciativas para estudar as vías legais posibles para acadar o obxectivo da acción civil e de recuperación posesoria da propiedade.

Dúas foron as principais:

1) A creación da Xunta Pro-Devolución do Pazo de Meirás promovida pola Deputación da Coruña, que concluíu cun informe que apostaba por recorrer á vía civil para a recuperación, en base á nulidade do contrato de compra-venda, por simulación de contrato, e a posterior incorporación ao Patrimonio Nacional.

2) A Xunta de Galicia promoveu unha Comisión de Expertos que recentemente fixo público o Informe de conclusións. Nel apóstase tamén pola vía xudicial e que é posible e viable defender a adquisición por usucapión da condición de ben de dominio público, debendo instarse ao Estado ao exercicio da acción civil para obter a restitución da súa posesión.

Se ben en dito informe contémplase a posibilidade indemnizadora á familia Franco pola súa posesión de "boa fe", conclusión da cal claramente discrepamos, coincidindo nese aspecto co voto particular formulado polo Concello de Sada, e coa posición expresada pola Deputación da Coruña, entendemos que non é impedimento para que tamén compartamos a conclusión básica de dito Informe, cal é a da procedencia e viabilidade da acción civil xudicial para poñer fin á vergoña da detentación do Pazo polos herdeiros do ditador.

En ambas estratexias a participación activa do Estado é fundamental, cuestión que non debe de ser incompatible coa incorporación no momento oportuno da Xunta de Galicia ao proceso xudicial que se inicie.

Deixando de lado as eventuais diferencias parciais de estratexia xurídica contida en ditos informes, o que si que é claro é a posibilidade e viabilidade de recorrer á vía civil para a recuperación posesoria do Pazo e a súa incorporación ao patrimonio público.

Despois do traballo de exploración das diferentes administracións é o momento de actuar e iniciar o procedemento xudicial pola vía civil co obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao Patrimonio Público.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Demandar da Administración Xeral do Estado a que, á vista dos informes aos que se fai referencia na exposición de motivos deste acordo, e en exercicio da súa lexitimación activa, interpoña as accións xudiciais reivindicativas oportunas dirixidas ao obxectivo da incorporación do Pazo-Torres de Meirás ao Patrimonio público, para o seu posterior uso conveniado como espazo da memoria histórica democrática galega.

2) Persoarse en dito procedemento xudicial no momento procesual oportuno, e na condición de parte coadxuvante adhesiva.

3) Dar traslado do seguinte acordo, así como dos Informes e documentación anexa á que se fai referencia na exposición de motivos deste acordo, á Administración Xeral do Estado, Congreso, Senado, e grupos parlamentarios das Cortes Xerais.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Ánxeles Cuña Bóveda
Voceiro s. e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Antón Sánchez García na data 28/06/2018 11:41:44**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/06/2018 11:41:50**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

## Exposición de motivos

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecía, na súa disposición adicional segunda, que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencia implementasen as Unidades de Valoración Forense Integral, coa función de deseñar protocolos de actuación global e integral nos casos de violencia de xénero tamén a través dun procedemento de valoración do risco de novas agresións e do risco vital que puidese ser emitido nun prazo inferior a 72 horas nos casos de urxencia, sendo en todo caso un informe complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima. En verbas do presidente do Comité Científico Técnico do Consello Médico Forense, “ao longo dos anos de xestión, as unidades que están a funcionar teñen amosado alto grao de eficacia e a súa resposta é moi apreciada polos diferentes operadores xurídicos. Non obstante, as diferenzas de xestión entre Administracións, a falla dunha normativa específica e as dificultades de dotación persoal e material interfiren de forma importante no seu desenvolvemento”. Xa dende as primeiras sesións de traballo en 2010, as comunidades dependentes do Ministerio de Xustiza comezaron demandando este servizo, chegando á conclusión de que un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital é oportuno e viable.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:02
Nº Rexistro: 32902
Data envío: 28/06/2018 12:02:10.923



O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión, dende a súa creación en maio de 2005, prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unhas das súas funcións é a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, mais non recoñece as Unidades de Valoración Forense Integral con facultades para emitir un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista. Cómpre dicir ademais que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto desta violencia nin, por suposto, da valoración do risco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ao seguinte:

1. Establecer indicadores mínimos para os datos xerados polas Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI) do Imelga.
2. Implementar unha aplicación informática axeitada para o seguimento estatístico de tendencias nas UVFI.
3. Concretar a estrutura e funcionamento das UVFI a través dunha normativa específica.
4. Reestruturar os protocolos para que a valoración do risco de novas agresións e do risco vital complementen as valoracións dos Corpos e Forzas de Seguridade coas informacións das Unidades de Valoración Forense Integral, os centros de saúde, Centros da Muller ou Servizos Sociais, entre outros.
5. Estender a valoración ás persoas dependentes da parella e outras vítimas directas e secundarias.

6. Establecer plans formativos para a especialización prioritaria dos profesionais das UVFI.
7. Publicar datos e información sobre a actividade do Imelga tamén desagregados respecto da violencia machista.



Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2018 09:53:28**

**María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 09:53:34**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2018 09:53:40**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/06/2018 09:53:46**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/06/2018 09:53:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2018 09:54:00**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira** e **Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

**Exposición de motivos**

O pasado 17 de outubro de 2017 debatemos no Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa lexislativa popular que contaba con 14.468 sinaturas de galegos e galegas que pedían á Cámara galega unha regulación da corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia.

É unha realidade que o modelo de familia mudou, hoxe a sociedade non só se organiza no modelo tradicional que todos coñecemos senón que hai familias monoparentais, relacións de parella casadas ou non, heterosexuais ou homosexuais. E, sexa cal sexa o modelo de familia, temos que garantir o respecto ás liberdades individuais e á autonomía organizativa.

E neste contexto temos tamén que garantir os dereitos dos fillos e fillas cando se produce unha separación dos seus proxenitores e ser capaces de aillar os problemas xurdidos na relación de parella e que estes non afecten ao dereito dos fillos e fillas a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

relacionarse co seu pai e coa súa nai; tal e como determina a Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno no seu artigo 9 garantindo o dereito do neno a manter contacto directo con ambos proxenitores en caso de separación.

Hai un sentir nunha parte importante da sociedade que considera que actualmente, na maioría dos casos de separación cando xorden conflitos entorno á garda e custodia, o proxenitor non custodio só ten na práctica o dereito de "visitas" e en relación á división do período de tempo que fillos e fillas teñen estipulado para estar na compañía do pai ou da nai estes deberían producirse en igualdade de dereitos para homes e mulleres.

O Grupo Parlamentario Popular recolle este sentir e coincidimos, a grandes rasgos, no texto lexislativo que foi rexistrado na Cámara pero naquel debate xa expuxemos a nosas dúbidas sobre a súa constitucionalidade, xa que a regulación das relacións paterno-filiais son competencia do Estado.

Aínda que tivemos en conta que Valencia, Cataluña, Aragón, País Vasco e Navarra aprobaron cunha lei específica de custodia compartida; e por iso solicitamos previamente un informe á Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego, a fin de que se pronunciara sobre esta cuestión.

Unha vez recibido na Cámara o informe emitido pola Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego, que ditaminou que a materia non tiña o encaixe requirido pola doutrina do Tribunal Constitucional na interpretación do artigo 149.1.8ª da Constitución Española, que esixe para o desenvolvemento do dereito civil, foral ou especial polas Comunidades autónomas, unha *conexión suficiente* con outras previas institucións ou coa regulación previa do Dereito civil, neste caso, de Galicia; polo que considerando que Galicia non é competente para regular esta materia, e en aras da responsabilidade, todos os grupos da Cámara galega, consideramos oportuno

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 28/06/2018 12:51:55.861

non seguir adiante cunha lexislación que de seguro sería recorrida polo Estado e provocar unhas consecuencias indesexables nas familias que puideran terse amparado na norma e por iso optamos por non continuar co texto lexislativo que se atopa en tramitación parlamentaria e instar ao goberno de España, que é o competente para lexislar a materia, a fin de que efectúe as modificacións pertinentes na lexislación civil para garantir a corresponsabilidade parental e as relacións familiares con ambos proxenitores nos supostos do cese da convivencia.

Falamos de dereitos dos nenos e nenas a relacionarse con ambos proxenitores, pero tamén entendemos que a conciliación e a corresponsabilidade son aspectos cruciais para a igualdade, e por iso consideramos necesario favorecer a coparentalidade e que ambos proxenitores se ocupen do coidado e educación dos seus fillos e fillas, e desbotar o rol feminino de coidado. Non podemos perpetuar no tempo o estereotipo de que a crianza e coidado dos fillos é unha cuestión que lle pertence maioritariamente, ou mesmo en algún caso semella que en exclusiva, ás mulleres, ás nais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión**:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que modifique a lexislación estatal na materia a fin de que se garanta a corresponsabilidade parental e as relacións familiares con ambos proxenitores no cese da convivencia".

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Pedro Puy Fraga na data 28/06/2018 12:47:36**

**Paula Prado Del Río na data 28/06/2018 12:47:48**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/06/2018 12:47:58**

**María Isabel Novo Fariña na data 28/06/2018 12:48:06**

**César Manuel Fernández Gil na data 28/06/2018 12:48:13**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/06/2018 12:48:16**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/06/2018 12:48:25**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 28/06/2018 12:48:34**

**Jacobo Moreira Ferro na data 28/06/2018 12:48:58**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:34
Nº Rexistro: 32920
Data envío: 28/06/2018 16:34:00.720

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**

Exposición de motivos

ENCE foi instalada na Ría de Pontevedra á forza, na Ditadura, coa veciñanza en contra. Na que fora unha das rías máis produtivas de Galicia, que daba de comer a miles de persoas. Esa loita veciñal hoxe perdura contra a permanencia de ENCE na Ría, temos unha débeda histórica con esa veciñanza, coa ría, coa saúde, co emprego e coa dignidade, e rematar con esta inxustiza que perdura dende a Ditadura.

O complexo industrial ENCE-Elnosa foi privatizado entre o 2001 e o 2003, cunhas vantaxosas condicións adaptadas a un tempo de explotación concreta, ata o 29 de xullo de 2018.

Fai dous anos, o Goberno en funcións de M. Rajoy, de maneira irregular e saltándose o consenso social e político entorno á necesaria retirada desta actividade na Ría de Pontevedra, decidiu regalarlle aos propietarios de ENCE 60 anos máis de explotación na Ría de Pontevedra, tras obviar a sentenza xudicial que insta á administración a incoar o expediente de caducidade por incumprimento de concesión, e obviando as promesas electorais do seu propio partido, que viña manifestando a necesidade de sacar o complexo do seu emprazamento polos prexuízos que conleva.

Meses despois do anuncio da prórroga por parte do Goberno en funcións, que mobilizou a miles de persoas na cidade de Pontevedra e mesmo lle valeu a M. Rajoy a consideración de "Persoa non grata" no pleno municipal, o noso grupo no Congreso presentou unha PNL solicitando a derrogación da prorroga da concesión, a cal foi aprobada tras unha transacción co PSOE.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar o Goberno central a que execute o mandato do Congreso que acorda a derrogación da prórroga da concesión de ENCE, que consta dos seguintes puntos:

1. Promover urxentemente, mediante a presentación do correspondente Proxecto de Lei, a recuperación dos niveis de protección do litoral recollidos na Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, deixando sen efecto as modificacións introducidas neste senso pola Lei 2/2013, de 29 de maio.

2. Iniciar de forma inmediata os trámites para a revogación da prórroga da concesión por 60 anos outorgada a ENCE Enerxía e Celulosa na cidade de Pontevedra.»

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 16:27:11**

**Antón Sánchez García na data 28/06/2018 16:27:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:36
Nº Rexistro: 32923
Data envío: 28/06/2018 16:36:19.736

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araújo e Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª**

Exposición de motivos

O afloramento que se produce tódolos anos nas rías galegas ten un efecto positivo, xa que renova as augas e aporta nutrientes que garanten a produción. Non obstante, conta tamén cun aspecto negativo: o afloramento chega ao fitoplancto que é portador de biotoxinas.

Os episodios tóxicos anuais –coñecidos popularmente como “mareas vermellas”– obrigan a que se produza un peche masivo de bancos marisqueiros. Este ano aconteceron por mor das células lipofílicas –entres as que destacan as de xénero diarreico (DSP)– e das células amnésicas (ASP).

Que o peche se produza xusto agora e particularmente duro para os mariscadores, pois a chegada de turistas fai que o verán sexa unha das mellores épocas para a venda de bivalvos. Ademais, son moitas as familias que aproveitan o San Xoán e as festas populares destas datas para incluír moluscos nas comidas e celebracións familiares.

Para complicar aínda máis a situación, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Marino (Intecmar), que é o organismo encargado de decretar os peches dos bancos marisqueiros para garantir a saúde pública, non está a facer correctamente a súa labor, como proba o acontecido en Fisterra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:36
Nº Rexistro: 32923
Data envío: 28/06/2018 16:36:19.736



Os mariscadores do longueirón de Fisterra víronse na obriga de tirar ao mar o produto extraído o xoves 14 debido a un peche anunciado a última hora. Por suposto, ninguén lles compensou o custe de traballo, tempo e diñeiro aos profesionais.

O sucedido foi o seguinte. Tras avisar á confraría e a Inspección Pesqueira, cinco embarcacións foron traballar á zona de Carnota. Cando xa remataran a súa labor, conseguindo, nalgúns casos, 25 quilos de marisco, chegou o aviso de peche por toxina diarreica. Pasaran as 20:00 da noite e o marisco xa estaba vendido. As perdas por traballador chegaron a superar os 280 euros.

Feitos como os relatados non poden volver a repetirse. As labores de control e vixilancia do Intecmar teñen que permitir avisar aos mariscadores con tempo suficiente para que non perdan xornadas enteiras de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Pagar os custes laborais dos traballadores afectados polas mareas vermellas durante os períodos nos que as toxinas obriguen a pechar os bancos marisqueiros.
- Compensar aos traballadores que teñan que tirar o produto extraído por non ser avisados do peche dos bancos marisqueiros con suficiente antelación.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:36
Nº Rexistro: 32923
Data envio: 28/06/2018 16:36:19.736



Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araujo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 28/06/2018 16:28:20**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2018 16:28:32**

**Carmen Santos Queiruga na data 28/06/2018 16:28:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32937
Data envío: 28/06/2018 18:12:35.704

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira,** e por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de abril de 2018 a Xunta de Galicia publicou o procedemento para a contratación administrativa da execución da programación das actividades de educación non formal da Campaña de Verán 2018 (en 13 lotes), unha campaña que vai comezar o 1 de xullo.

A tardanza na convocatoria do concurso e o feito de que no prego de cláusulas administrativas para a contratación destes servizos a oferta económica ponderase un 60%, sendo o criterio que máis puntuaba, levou a que, tras a apertura do sobre B (oferta económica) varias empresas que optaban ás adxudicacións quedasen por baixo do custe mínimo establecido tendo en conta a estimación do que suporía aplicar o convenio colectivo do sector e por debaixo do custo de persoal estimado pola Xunta en cada un dos lotes. En todos os lotes salvo un a mellor oferta estaba por baixo dos custos mínimos establecidos para persoal por convenio colectivo. Ademais, unha destas empresas (SUPERNOVA) está incursa nun proceso xudicial, sendo o seu administrador investigado no marco da fraude dos cursos de formación (caso Qatedra).

Logo desta situación, 10 dos 13 lotes do concurso quedaron desertos, o 22 de maio de 2018, por considerar que as ofertas presentadas polas empresas non eran

viables. Ditos lotes pasaron a ser adxudicados mediante negociación sen publicidade, por 949.489,68 € con IVE, a empresas que xa fixeran ofertas no procedemento anterior - HEBE SPORT, MAREXADA e VIDA LÁCTEA – e que incumpriran, no procedemento anterior, “especificacións referentes a número de monitorado e a condicións laborais”.

Así, para dar comezo ás actividades da Campaña de Verán 2018, a Xunta tivo que negociar en pechado coas empresas e improvisar solucións, convocando dun día para outro a monitores/as a un proceso de selección, indicando que se teñen que anotar no paro, coa intención de contratar directamente pola Xunta a primeira quenda dos campamentos. Mércores, 27 de xuño, colocáronse carteis en edificios administrativos da Xunta convocando a probas de selección para o día seguinte. Tamén colocaron anuncios as propias empresas vía redes sociais. Deuse o caso de que monitores/as estaban preseleccionados ou foran contactados por parte das empresas e que dun día para outro, ou mesmo no propio día, dende a mañá ata as 16 horas do día 28 de xuño, tiveron que anotarse nas listas do paro e arranxar todo o papeleo para poder acceder á selección. Ao ser esta unha categoría na que non hai xente nas listas de contratación, da Xunta o chamamento realízase mediante unha comisión de selección.

Esta rapidez e improvisación impide dar calidade ao servizo, xa que os e as monitoras que se incorporen descoñecen tanto as instalacións coma o futuro alumnado e compañeiros e compañeiras, non tendo tempo a preparar a campaña.
O convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural foi asinado o 21 de maio de 2015, coas conseguintes táboas salariais, que non se garanten coa oferta á baixa que se formaliza nos contratos dos campamentos de verán da Xunta ano tras ano. Anteriormente, os e as monitoras de tempo libre para estas actividades contratábanse directamente por parte da Xunta.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

É unha evidencia a falta de compromiso da Xunta co sector dos e das monitoras de tempo libre e co seu convenio de condicións laborais e salariais; é evidente a improvisación a respecto da Campaña de Verán e a falta de interese por parte da Xunta de ofrecer un bo servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a contratar de xeito directo, como servizo público, e catalogar vía RPT da Consellería de Política Social, ao persoal monitor de tempo libre das Campañas de Verán da Xunta, garantindo as súas condicións laborais axustadas ao convenio colectivo de referencia.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 28/06/2018 18:09:19**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**David Rodríguez Estévez na data 28/06/2018 18:09:30**

**Luis Villares Naveira na data 28/06/2018 18:09:39**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de xuño de 2018 a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados “A Manada”, condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño de 2018 están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:44
Nº Rexistro: 32911
Data envío: 28/06/2018 12:44:47.236

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Tribunal reacciona Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, as persoas maxistradas confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é a persoa condenada: a vítima ou os seus agresores?

Desde o Parlamento galego cómpre recoller o clamor na rúa dos milleiros de persoas que saíron á rúa lamentar estes acontecementos e declarar estes agresores persoas non gratas no noso país para deixar claro o rexeitamento aos agresores, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condenada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso. O caso da Manada é o cumio do iceberg e debe visibilizar os casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución:

1. Declarar persoas non gratas no noso país a:

José Ángel Prenda Martínez

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena

Jesús Escudero Domínguez

Ángel Boza Florido

Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 12:43:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 12:43:27**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2018 12:43:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2018 12:43:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2018 12:43:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 12:43:39**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32915
Data envío: 28/06/2018 12:55:26.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia exercida contra as mulleres ten sido historicamente ocultada, invisibilizada e non priorizada nas axendas políticas. Aínda foi no ano 1993 cando a Asemblea Xeral da ONU aprobou a «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller», na que recoñece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». No seu artigo 1º define, por primeira vez no marco internacional, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada». As violacións son unha das manifestacións máis crueis desta violencia contra as mulleres e debe ser obxecto de toda a sociedade a súa repulsa e combate.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32915
Data envio: 28/06/2018 12:55:26.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso para o seu cumprimento efectivo.

Desde hai máis dun ano vivimos pendentes do desenvolvemento do xuízo e posíbel sentenza do caso coñecido como *A manada*, unha brutal violación en grupo realizada durante os San Fermíns do ano 2016 por Antonio Manuel Guerrero Escudero, José Ángel Prenda, Alfonso Jesús Cabezuelo, Ángel Boza e Jesús Escudero. Finalmente, despois dun amplo debate público no que se deron detalles excesivos do acontecido e se cuestionou permanentemente á vítima, chegou a sentenza.

A Audiencia de Navarra vén de considerar aos acusados culpábeis dun delito de abuso sexual con prevalimiento. Isto é, o tribunal entende que non existiu violencia nin intimidación e que polo tanto non houbo agresión sexual. Co vixente Código Penal poderíaselles ter condeado por agresión sexual e sentenciado en consecuencia, como propuña, por exemplo, a Fiscalía.

Se ben esta sentenza aínda non é firme e está pendente de recurso, desatou unha profunda indignación non só social, tamén no eido xudicial. Independentemente do que aconteza a futuro, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego, esta sentenza non é un problema puntual ou individual, senón un caso máis de machismo xudicial que nos afecta a todas e envía unha serie de mensaxes perigosísimas a todas as vítimas e, por extensión a todas as mulleres.

Con esta sentenza estase a enviar unha mensaxe ás mulleres de falta de credibilidade, de cuestionamento do consentimento e de vulnerabilidade ao abeiro dos mecanismos que o sistema ofrece teoricamente para protexelas. O machismo que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32915
Data envío: 28/06/2018 12:55:26.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impregna a sentenza envía a mensaxe de que a vítima da violación debe resistirse e ter datos físicos no exterior do seu corpo para demostrar que foi realmente violada. Envía unha mensaxe de que só non se dubidará da vítima se a violencia acaba con ela. Erroneamente e contra o sentido dos acordos en materia de violencia machista equipara a violencia só coa física e ademais reproduce os estereotipos machistas que debera ter superados un ámbito como o xudicial. Cómpre, polo tanto, lanzar unha mensaxe á sociedade de que se reflexionará para arbitrar os mecanismos necesarios para evitar sentenzas deste tipo e para o cumprimento efectivo do marco legal no que nos temos dotado garantindo a formación e sensibilización dos axentes. Máis aínda, esta mensaxe negativa ás mulleres incrementouse cando o 21 de xuño de 2018 a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores).

É preciso recordar a importancia e gravidade das violacións na nosa sociedade. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Á hora de denunciar as mulleres deben confiar nas institucións. Polo tanto, o acontecido vai en detrimento desta confianza e hai que enviar unha mensaxe de repulsa e excepcionalidade desde os poderes públicos, así como o compromiso de construír unha sociedade máis xusta onde o machismo e as violacións non teñan cabida nin a máis mínima tolerancia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza:

1. Acorda, por resolución, expresar a súa solidariedade e apoio con todas as vítimas de violacións e, particularmente, coa vítima do caso da Manada.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Acorda, por resolución, reprobar os xuíces do caso da Manada.

3. Acorda, por resolución, declarar persoas non gratas no noso país a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

4. Acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central a realización das modificacións legais oportunas para habilitar mecanismos de control máis efectivos que permitan apartar do seu cargo e funcións aqueles xuíces que ditaren sentenzas machistas.

5. Acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central o cumprimento da lexislación vixente e acordos políticos en materia de violencia machista. De forma especial, o cumprimento do recollido canto á formación dos operadores xurídicos.

6. Acorda instar á Xunta de Galiza e á Secretaría Xeral de Igualdade a habilitar os mecanismos precisos para facer seguimento e estudo de sentenzas machistas e propoñer as actuacións precisas para evitalas.

7. Acorda dar traslado deste acordo plenario ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á representación legal dos cinco condenados pola agresión sexual xulgada na

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32915
Data envio: 28/06/2018 12:55:26.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Audiencia Provincial de Iruña e á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten."

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 12:54:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 12:54:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2018 12:54:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2018 12:54:45**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2018 12:54:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 12:54:53**

# A MESA DO PARLAMENTO

Os **Grupo Parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade,** para dar conta das irregularidades detectadas polo Tribunal de Contratos Públicos nas adxudicacións de terapia respiratoria e radioloxía.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Luís Villares Naveira
Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada e voceira do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/06/2018 17:13:01**

**Luis Villares Naveira na data 28/06/2018 17:13:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 17:15:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 17:15:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 17:35
Nº Rexistro: 32931
Data envío: 28/06/2018 17:35:23.001

Á MESA DO PARLAMENTO

Os grupos parlamentarios de **En Marea,** dos **Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da comparecencia urxente na Comisión 5.ª, da Secretaria Xeral de Igualdade, para dar conta das políticas de igualdade que se están a levar a cabo no noso país.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Marcos Cal Ogando
Luís Villares Naveira,
Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asdo.: María Luísa Pierres López
Mª Dolores Toja Suárez
Xaquín Fernández Leiceaga,
Deputadas e voceiro do G.P. dos Socialistas

Asdo.: Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e voceira do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2018 17:17:10**

**Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 17:17:23**

**Luis Villares Naveira na data 28/06/2018 17:17:31**

**María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 17:25:54**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/06/2018 17:26:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2018 17:26:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 17:34:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2018 17:34:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 17:34:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33002
Data envío: 02/07/2018 14:10:32.346

**Á Mesa do Parlamento**

Os **grupos parlamentarios de En Marea e dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 44.1 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente e inmediata da Valedora do Pobo** na Comisión de Peticións para dar explicacións sobre a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 327/2018, do 29 de xuño, e as súas consecuencias.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/07/2018 13:43:10**

**Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 14:10:03**

Valedor doPobo Galicia

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/07/2018 13:55:34
SAIDA 8985/18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 2 XULL. 2018
Núm. 33000

Excmo. Sr.

Solicito de V.E. que dea curso á miña solicitude de comparecencia voluntaria ante o Parlamento de Galicia co fin de dar cumpridas aclaracións sobre as actuacións da institución para a cobertura dunha praza de libre designación nesta institución.

Reciba un atento saúdo.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo

**EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

Rúa do Hórreo 65, 15700 Santiago de Compostela · Tel.: (0034) 981 569 740 · Fax: (0034) 981 572 335
www.valedordopobo.gal

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 3 XULL. 2018
Núm. 33068

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz solicita a comparecencia urxente da Valedora do Pobo na Comisión de Peticións en relación coa provisión dunha praza polo sistema de libre designación anulada pola sala do Contencioso Administrativo do TSXG.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, advertido erro no documento con número de rexistro 33068, solicita se incorporen as seguintes sinaturas:

Santiago de compostela, 3 de xullo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/07/2018 13:57:25**

**Paula Prado Del Río na data 03/07/2018 14:01:45**

**Raquel Arias Rodríguez na data 03/07/2018 14:01:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 XUÑ. 2018
Núm. 32893

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XUÑ. 2018
SAÍDA
Num. 236

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia en Comisión 1ª Institucional, Administración Pública, Xustiza e Interior -do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea- para informar sobre "***os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ÁLVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/06/2018 10:53:20

CVE: lxZwTzsMO1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 XUÑ. 2018
Núm. 32896

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XUÑ. 2018
SAÍDA
Num. 236

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia en Comisión 1ª Institucional, Administración Pública, Xustiza e Interior -do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea- para informar sobre "***os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/06/2018 10:53:20

CVE: PJ2vTzsMO1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

Nos xulgados de Galicia ventílanse todos os días asuntos de familia, procesos civís non só relativos a pretensións de carácter privado, senón que neles as facultades de xuízas e xuíces vense ampliadas en garantía, sobre todo, do interese superior do menor. Neles resólvense conflitos familiares que, ás veces, encaran relacións de alta conflitividade que vai máis alá de despois de ditada a sentenza, co colapso e o gasto público que supón. Algúns estados -como Canadá e USA- estanse a tomar moi en serio esta cuestión e ao fío ten xurdido a figura do coordinador parental, un auxiliar ou colaborador de xuízas e xuíces para a implantación efectiva das medidas xudiciais despois do conflito de parella en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores e con facultades de xestión dos conflitos para reconducir a familia cara á normalización da nova situación.

Pese a que en España este problema tamén existe, non conta con regulación específica, mais a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 26 de febreiro de 2015, abriu unha porta. Encaixaría perfectamente atendendo a textos legais internacionais, europeos, nacionais e autonómicos: Convención Universal dos Dereitos do Neno de 1989, Convención Europea sobre Dereitos do Menor de 1996, Constitución Española de 1978 e lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor de 1996.

Xa no ámbito de Galicia, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula o apoio familiar como proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares. Neste ámbito, o seu artigo 36 di que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación e, en

Partido dos Socialistas de Galicia

concreto, a través dos departamentos competentes en materia de Familia e Xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. Un deses recursos de apoio familiar podería ser a figura do coordinador parental.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno galego de que moitos dos conflitos familiares encaran relacións de alta conflitividade que vai máis alá de despois de ditada a sentenza e que iso implica gran colapso e gasto público para os tribunais?
2. Ten coñecemento o Goberno galego da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, do 26 de febreiro de 2015, sobre a figura do coordinador parental?
3. Entende o Goberno galego que esta figura do coordinador parental tería encaixe no apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:48:19**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 10:48:24**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2018 10:48:29**

Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 26/06/2018 10:48:34**

Partido dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 13:32
Nº Rexistro: 32827
Data envío: 26/06/2018 13:32:59.511

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira,** deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan seguinte ***Interpelación.***

A Directiva 2006/7/CE, relativa á xestión da calidade das augas de baño, obriga aos Estados membros a realizar regularmente un control das augas de baño co obxectivo de garantir a súa calidade e, ademais, a publicar os resultados destes controis nunha linguaxe non técnica que manteña informada á cidadanía da calidade das distintas opción de baño existentes.

Estes controis, que deben facerse ao longo de todo o ano, ten, por razóns evidentes, a obriga de realizarse polo menos unha vez antes do inicio da tempada para que calquera cidadán poida comprobar cal é a calidade das distintas augas e evadir aquelas que sexan potencialmente prexudiciais para a súa saúde, optando polas que se atopen en mellor situación.

Por este motivo, a Directiva non só insta ao control e á publicación dos resultados, senón á necesidade de establecer fórmulas de acceso sinxelas e breves explicacións sen linguaxe técnica que deben estar á disposición da cidadanía todo o ano.

Se ben a publicación destes datos é competencia do Estado, a inspección e o control das augas galegas é competencia da Xunta de Galicia e, a día de hoxe, non hai ningún documento público que faga mención á realización de ditos controis ao longo dos últimos 10 meses.

Garantir ás galegas e galegos as mellores condicións para o baño na tempada de verán, nunha xeografía con tanta costa coma a nosa, é unha cuestión de saúde pública de primeiro orde, e non debería quedar descoidada en ningún momento.

Por todo isto, os deputados que asinan presentan a seguinte Interpelación:

1.- Ten realizado a Xunta de Galicia os controis periódicos das augas de baño, que lle corresponden, nos últimos 10 meses?

2.- Se é así, onde poden consultarse os resultados de ditos controis?

3.- Se non é así, cando ten pensado inicialos?

4.- Considera a Xunta de Galicia o control das augas de baño antes da tempada de verán unha cuestión de saúde pública?

5.- Ten a Xunta de Galicia algunha previsión a respecto da publicación destes resultados?

6.- De non acceder ao organismo estatal competente, ten a Xunta de Galicia algunha proposta alternativa para facer chegar esta información ao conxunto das galegas e dos galegos?

7.- Está en contacto a Xunta de Galicia coa Administración central para garantir a maior axilidade posible á hora de actualizar os datos?

8.- Considera o Goberno galego que se está a cumprir a Directiva 2006/7/CE en materia de publicación, información á cidadanía e sinalización da calidade das augas?

9.- Se non é así, que iniciativas ten preparada a institución para dar cumprimento á Directiva canto antes?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 26/06/2018 13:24:00**

**Luis Villares Naveira na data 26/06/2018 13:31:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 18:19
Nº Rexistro: 32846
Data envío: 26/06/2018 18:19:13.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia rexistrou 6.649 accidentes laborais no primeiro trimestre do ano 2018, o que supón un aumento do 3,53 % en comparación co mesmo período do ano anterior. Do total, oito foron mortais, 117 graves e 6.524, leves. Segundo datos oficiais, hai un forte incremento dos sinistros graves, que pasaron de 88 no primeiro trimestre de 2017 aos 117 deste ano, un 33 % máis. Unha cifra moi preocupante que nos sitúa como a segunda comunidade do Estado no relativo aos accidentes graves.

A sinistralidade laboral non só é o peor dos indicadores socioeconómicos na actualidade, senón que unida ás enfermidades profesionais, está a converterse nun problema de saúde pública de primeira orde cos seus consecuentes efectos negativos para o sistema galego de saúde e a nosa economía. A reforma laboral do Partido Popular supuxo unha precarización sen precedentes do mercado laboral cun aumento do risco de sufrir accidentes: a alta temporalidade e unha rotación sen precedentes, acompañada de falta de formación, non son alleas a esta sinistralidade.

Distintas normas internacionais, nacionais e autonómicas recoñecen o dereito á seguridade e saúde no traballo dos traballadores e traballadoras. Este dereito implica unha obrigación para os poderes públicos que deben responder, ademais, ás demandas dunha sociedade cada vez máis sensibilizada e esixente coa seguridade e saúde no traballo, como parte esencial do benestar social. En primeiro lugar, impulsando políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais e en segundo lugar, é necesario acabar co traballo precario, investir en prevención e acometer unha análise profunda da normativa vixente, ademais de recuperar a negociación colectiva e a concertación social para acometer todas estas reformas, sen esquecer a importancia das campañas da Inspección de Traballo e Seguridade Social que teñen

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos
Socialistas
de Galicia

encomendado a vixilancia do cumprimento da normativa, entre outras, en materia preventiva, en colaboración coas comunidades autónomas.

Outro ámbito de actuación moi pouco desenvolvido é a prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero xa que de forma bastante xeneralizada o enfoque que se adopta no ámbito da prevención de riscos é neutro coas cuestións de xénero. Non se deu a suficiente relevancia á influencia dos aspectos de xénero na xestión da prevención e a saúde laboral, e á súa incidencia na avaliación, planificación e adopción de medidas preventivas polas empresas, favorecido polo silencio lexislativo destas cuestións; é máis, aspectos como a ergonomía, a organización do traballo e a avaliación de riscos psicosociais son algúns dos aspectos menos tidos en conta e peor desenvolvidos pola pequena e mediana empresa, que centra a súa actuación preventiva nas especialidades da seguridade e a hixiene.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos de siniestralidade laboral na nosa comunidade autónoma?
2. Considera o Goberno galego que é suficiente o esforzo orzamentario que se está realizando dende a Administración autonómica para reducir a siniestralidade laboral?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia durante a X lexislatura, incrementar o orzamento dedicado á prevención de riscos laborais?
4. Considera o Goberno galego que se está a cumprir a Estratexia galega de seguridade e saúde laboral?
5. Que medidas tomou durante estes últimos anos a Xunta de Galicia para mellorar as condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores e traballadoras máis vulnerables ante a siniestralidade laboral?
6. Que actuacións se están levando a cabo que permitan o seguimento e avaliación da perspectiva de xénero no ámbito de seguridade e saúde laboral?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 18:19
Nº Rexistro: 32846
Data envio: 26/06/2018 18:19:13.996





7. Que valoración fai o Goberno galego da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Goberno de España, para fortalecer a comunicación e a cooperación técnica e material no referente á seguridade e saúde no traballo?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 18:18:04**

**Julio Torrado Quintela na data 26/06/2018 18:18:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32868
Data envío: 27/06/2018 14:12:31.666

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interperlación.**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2018, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

Estas subvencións van dirixidas a concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2017 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos) ou as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, para o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses.

Para o cumprimente do obxectivo establécese un financiamento polos importes de 1.590.000,00 euros e 1.680.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2018, e 3.710.000,00 euros e 3.920.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2019.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes términos:

1ª.) Que valoración fai o Goberno galego sobre os resultados acadados con esta subvención dende a súa implantación ?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2ª.) Cales son os resultados de inserción laboral acadados nos últimos cinco anos con estas subvencións?

3ª.)Cales foron os resultados de inserción acadados segundo os grupos establecidos na orde (A, B, C, D) nos últimos cinco anos?

4ª.) Cales foron os concellos beneficiados nos últimos cinco anos e cales foron as contías concedidas a través destas subvencións?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 14:11:18**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2018 14:11:25**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2018 14:11:32**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2018 14:11:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:02
Nº Rexistro: 32881
Data envío: 27/06/2018 18:02:46.068

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación.**

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Orzamentos Familiares e a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2017.

A enquisa de condicións de vida establece que os ingresos medios anuais por fogar en 2016, para o conxunto do Estado, aumentaron nun 3,1%, acadando 27.558 euros; sendo o ingreso medio por persoa 11.074 €, o que supón un incremento do 3,4% respecto do ano anterior. Non obstante, no caso de Galicia os ingresos medios por persoa sitúanse en 10.753€ , ocupando o 11º lugar de todas as CCAA.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,7%, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado, cun 6,2% dos fogares que manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes e un 23,7% que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Para o dato de distribución da poboación en quintiles segundo os seus ingresos, temos que o 36,4% da poboación galega se atopa nos quintiles 1º e 2º, fronte a un 15,5% que estaría no 5º quintil.

En canto á enquisa de Orzamentos Familiares, temos que o gasto medio por fogares medrou, en termos correntes, un 3,5%, situándose en 29.188 € e en 11.726 o gasto medio por persoa, mentres que para Galicia o gasto medio por persoa sitúase en 10.938€, o que supón un índice do 93,3% sobre a media de gasto medio por persoa, situándose na posición 12ª de todas as CCAA.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado asinantes interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª.) Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre estes datos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2ª.) Considera o Goberno galego que as condicións de vida da maioría dos galegos e galegas lles permiten desenvolver axeitadamente o seu proxecto vital?

3ª.) Que medidas pensa tomar o Goberno galego para mellorar esta situación?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 18:00:52**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/06/2018 18:01:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:02
Nº Rexistro: 32903
Data envío: 28/06/2018 12:02:33.095

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecía, na súa disposición adicional segunda, que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencia implementasen as Unidades de Valoración Forense Integral, coa función de deseñar protocolos de actuación global e integral nos casos de violencia de xénero tamén a través dun procedemento de valoración do risco de novas agresións e do risco vital que puidese ser emitido nun prazo inferior a 72 horas nos casos de urxencia, sendo en todo caso un informe complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima. En verbas do presidente do Comité Científico Técnico do Consello Médico Forense, "ao longo dos anos de xestión, as unidades que están a funcionar teñen amosado alto grao de eficacia e a súa resposta é moi apreciada polos diferentes operadores xurídicos. Non obstante, as diferenzas de xestión entre Administracións, a falla dunha normativa específica e as dificultades de dotación persoal e material interfiren de forma importante no seu desenvolvemento". Xa dende as primeiras sesións de traballo en 2010, as comunidades dependentes do Ministerio de Xustiza comezaron demandando este servizo, chegando á conclusión de que un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital é oportuno e viable.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión, dende a súa creación en maio de 2005, prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unhas das súas

Partido dos Socialistas de Galicia

funcións é a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, mais non recoñece as Unidades de Valoración Forense Integral con facultades para emitir un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista. Cómpre dicir ademais que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto desta violencia nin, por suposto, da valoración do risco.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está a cumprir o Goberno galego a Disposición adicional 2ª da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?
2. Pensa o Goberno galego que implementar no Imelga o Informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista, como complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima, é oportuno e viable?
3. Vai desenvolver o Goberno galego a normativa específica para tal fin?
4. Pensa o Goberno galego que o Imelga dispón de suficientes dotacións de persoal e material?
5. Cales son os motivos polos que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto da violencia machista?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2018 09:50:57**

**María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 09:51:03**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2018 09:51:07**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/06/2018 09:52:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/06/2018 09:53:01**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo Grupo Toysal (a efectos de incluíla na presentación de solicitude de autorización ambiental integrada) para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás.

As conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará "diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos" e que é imposible establecer un plan de restauración detallado, dada a imposible previsión da evolución das condicións socio-económicas locais e nacionais.

As veciñas e os veciños están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada "Casalonga limpa de Residuos", polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións, posto que a Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños teñen o apoio do seu Concello, que no Pleno do día 30 de maio acordaba, por unanimidade, o rexeitamento deste tipo de instalacións en solo rústico.

Non pasa só na Casalonga, tamén noutros lugares de Galicia onde se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais. Cómpre mudar esta realidade, ou ben modificando a propia Lei do solo de Galicia de 2016 (o seu artigo 35) ou ben o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (o seu apartado 9.1.3).

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a opinión do Goberno sobre este tipo de proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais?

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:39:15**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 10:39:20**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2018 10:39:25**

**María Luisa Pierres López na data 26/06/2018 10:39:30**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos xulgados de Galicia ventílanse todos os días asuntos de familia, procesos civís non só relativos a pretensións de carácter privado, senón que neles as facultades de xuízas e xuíces vense ampliadas en garantía, sobre todo, do interese superior do menor. Neles resólvense conflitos familiares que, ás veces, encaran relacións de alta conflitividade que vai máis alá de despois de ditada a sentenza, co colapso e o gasto público que supón. Algúns estados -como Canadá e USA- estanse a tomar moi en serio esta cuestión e ao fío ten xurdido a figura do coordinador parental, un auxiliar ou colaborador de xuízas e xuíces para a implantación efectiva das medidas xudiciais despois do conflito de parella en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores e con facultades de xestión dos conflitos para reconducir a familia cara á normalización da nova situación.

Pese a que en España este problema tamén existe, non conta con regulación específica, mais a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 26 de febreiro de 2015, abriu unha porta. Encaixaría perfectamente atendendo a textos legais internacionais, europeos, nacionais e autonómicos: Convención Universal dos Dereitos do Neno de 1989, Convención Europea sobre Dereitos do Menor de 1996, Constitución Española de 1978 e lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor de 1996.

Xa no ámbito de Galicia, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula o apoio familiar como proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares. Neste ámbito, o seu artigo 36 di que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para

garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación e, en concreto, a través dos departamentos competentes en materia de Familia e Xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. Un deses recursos de apoio familiar podería ser a figura do coordinador parental.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que esta figura do coordinador parental tería encaixe no apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 11:01:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 11:01:21**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/06/2018 11:01:25**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2018 11:01:31**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32829
Data envío: 26/06/2018 13:37:44.199



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López** e **Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Este pasado fin de semana tiñan lugar en diferentes centros da comunidade autónoma galega os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola *Orde do 14 de marzo de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo, corrección de erros do 3 de maio).*

Máis de 16.000 persoas participaron nestas probas, para acceder a unha das 2.050 prazas de docentes convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As probas realizáronse en facultades, edificios administrativos e institutos de A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Durante esta xornada houbo incidencias en varios centros, pero especialmente significativas pola súa gravidade e os efectos que tiveron sobre as persoas que se examinaban foron as detectadas en dous centros de Ourense: o IES As Lagoas, e o CIFP A Farixa, onde tiveron lugar respectivamente os exames de Bioloxía e Xeoloxía e os de Educación Infantil.

Os opositores e as opositores que se examinaron nestes centros tiveran que soportar nas aulas nas que se examinaron, elevadísimas temperaturas, que en moitos casos motivaron que os propios membros

do tribunal os tiveran que atender dándolles papel para secarse o suor, asperxéndoos con auga nun spray, ou incluso atendendo mareos.

Resulta indignante que ante a previsión que había de elevadas temperaturas en Ourense para o sábado día 23 de xuño (era unha das oito provincias españolas en alerta polas elevadas temperaturas, cunha previsión da que días antes xa alertaba a Axencia Estatal de Meteoroloxía que poderían roldar os 40 grados), estas aulas se converteran en auténticos invernadoiros pola falla de previsión da Xunta de Galicia.

O Goberno galego non puxo os medios axeitados para que persoas que levan en moitos casos anos preparando estas probas e nas que se xogan nun día o seu futuro laboral, non puideran realizar os exercicios en centros que reúnan condicións axeitadas de refrixeración, máis se temos en conta que na cidade, e nos propios centros onde se desenvolveron os exames, había dispoñibles outros espazos que contaban con aire acondicionado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das condicións nas que se levaron a cabo os exames das probas de aceso de Educación que tiveron lugar o 23 de xuño en varios centros da cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 13:12:27**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2018 13:12:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2018 13:12:40**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 26/06/2018 13:12:45**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/06/2018 13:13:32**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32837
Data envío: 26/06/2018 14:14:45.777

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando** e **Antón Sánchez García,** deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A empresa viguesa Toysal vén de manifestar a súa vontade de instalar en Teo unha planta de reciclaxe para producir biogás e fertilizantes. Trataría 90.000 toneladas anuais de xurros, lodos e residuos orgánicos procedentes de conserveiras e outras industrias agroalimentarias que teñen problemas coa xestión de desperdicios. A instalación estaría situada a só 400 metros dun núcleo de poboación e ocuparía uns 135.000 metros cadrados.

O proxecto contempla unha balsa de 7.000 metros cúbicos para almacenar residuos, dous gasómetros para 1.000 metros cúbicos cada un, un espazo para o lavado diario de 20 camións que transportarían os residuos orgánico e lodos á planta e unha nave de recepción de residuos duns 2.000 metros cadrados, entre outras instalacións.

Coa construción da planta de reciclaxe, a contorna de Compostela ficaría rodeada por tres industrias altamente contaminantes. Nun triángulo de 139 quilómetro cadrados teríamos a mina de Touro, o vertedoiro de Grixoa e a propia planta de reciclaxe, tres iniciativas empresariais que espertan un enorme rexeitamento na poboación local. A actividade destas empresas tería uns efectos funestos no Camiño de Santiago, nos espazos densamente poboados de arredor e, por suposto, nos terreos agrícolas e gandeiros da zona.

Recentemente, a asociación ecoloxista ADEGA presentou un informe cunha valoración exhaustiva do proxecto de TOYSAL. As carencias que sinala

vinculadas ao proxecto son moitas e merecen ser tidas conta polas diferentes administracións. Cabe sinalar as seguintes:

1) Non se garante a calidade dos produtos a reciclar, xa que non se especifican as características dos residuos de entrada, en particular do seu contido de metais pesados.
2) Non se indica de onde procederían os residuos a tratar.
3) Xeraríanse 48.000 toneladas anuais de augas residuais, que se empregarían na rega de 20 hectáreas de eucaliptais, pero non se di que superficies se empregarán con esta finalidade, nin se están dispoñíbeis na propia explotación. A carga orgánica e nitroxenada que recibiría o eucaliptal resultaría moi elevada, e requiriría a súa xestión como filtro verde ou zona húmida construída para a depuración de augas residuais.
4) A descrición que se ofrece dos residuos a tratar é confusa e contraditoria.
5) A fosa séptica que se proxecta non é axeitada para recibir augas pluviais de escorrentía e de lavado de camións.

Así, ADEGA conclúe que as "deficiencias do proxecto fan pensar que se trata máis ben de aproveitar un espazo degradado onde depositar residuos que nun verdadeiro proxecto de reciclaxe e economía circular".

Por estas e outras razóns, os concellos afectados polo vertedoiro manifestáronse xa na súa contra. En Teo, tódolos partidos da corporación municipal, incluído o Partido Popular, votaron a favor dunha moción conxunta contra a planta de residuos, pois "nunha primeira valoración técnica" a administración local xa comprobou a "grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais que se sitúan nunha ampla zona arredor". Coherentemente, os partidos solicitaron que se "adopten todas as medidas necesarias" para "evitar a instalación desta planta de reciclaxe na Casalonga".

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Tralo pronunciamento de Teo, Ames e Brión decidiron sumarse á demanda e opoñerse conxuntamente ao vertedoiro.

Agora, tócalle ao Goberno da Xunta pronunciarse acerca de se está coa veciñanza ou con este proxecto cheo de incertidumes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Coida a Xunta de Galicia que esta ubicación é axeitada para esa actividade?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 26/06/2018 14:11:23**

**Antón Sánchez García na data 26/06/2018 14:11:31**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 18:19
Nº Rexistro: 32847
Data envío: 26/06/2018 18:19:31.792





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia rexistrou 6.649 accidentes laborais no primeiro trimestre do ano 2018, o que supón un aumento do 3,53 % en comparación co mesmo período do ano anterior. Do total, oito foron mortais, 117 graves e 6.524, leves. Segundo datos oficiais, hai un forte incremento dos sinistros graves, que pasaron de 88 no primeiro trimestre de 2017 aos 117 deste ano, un 33 % máis. Unha cifra moi preocupante que nos sitúa como a segunda comunidade do Estado no relativo aos accidentes graves.

A sinistralidade laboral non só é o peor dos indicadores socioeconómicos na actualidade, senón que unida ás enfermidades profesionais, está a converterse nun problema de saúde pública de primeira orde cos seus consecuentes efectos negativos para o sistema galego de saúde e a nosa economía. A reforma laboral do Partido Popular supuxo unha precarización sen precedentes do mercado laboral cun aumento do risco de sufrir accidentes: a alta temporalidade e unha rotación sen precedentes, acompañada de falta de formación, non son alleas a esta sinistralidade.

Distintas normas internacionais, nacionais e autonómicas recoñecen o dereito á seguridade e saúde no traballo dos traballadores e traballadoras. Este dereito implica unha obrigación para os poderes públicos que deben responder, ademais, ás demandas dunha sociedade cada vez máis sensibilizada e esixente coa seguridade e saúde no traballo, como parte esencial do benestar social. En primeiro lugar, impulsando políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais e en segundo lugar, é necesario acabar co traballo precario, investir en prevención e acometer unha análise profunda da normativa vixente, ademais de recuperar a negociación colectiva e a concertación social para acometer todas estas reformas, sen esquecer a importancia

Partido dos Socialistas de Galicia

das campañas da Inspección de Traballo e Seguridade Social que teñen encomendado a vixilancia do cumprimento da normativa, entre outras, en materia preventiva, en colaboración coas comunidades autónomas.

Outro ámbito de actuación moi pouco desenvolvido é a prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero xa que de forma bastante xeneralizada o enfoque que se adopta no ámbito da prevención de riscos é neutro coas cuestións de xénero. Non se deu a suficiente relevancia á influencia dos aspectos de xénero na xestión da prevención e a saúde laboral, e á súa incidencia na avaliación, planificación e adopción de medidas preventivas polas empresas, favorecido polo silencio lexislativo destas cuestións; é máis, aspectos como a ergonomía, a organización do traballo e a avaliación de riscos psicosociais son algúns dos aspectos menos tidos en conta e peor desenvolvidos pola pequena e mediana empresa, que centra a súa actuación preventiva nas especialidades da seguridade e a hixiene.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos de siniestralidade laboral na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 18:15:45**

**Julio Torrado Quintela na data 26/06/2018 18:15:51**

**Á Mesa do Parlamento**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2018, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

Estas subvencións van dirixidas a concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2017 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos) ou as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, para o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses.

Para o cumprimente do obxectivo establécese un financiamento polos importes de 1.590.000,00 euros e 1.680.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2018, e 3.710.000,00 euros e 3.920.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2019.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os resultados acadados con esta subvención dende a súa implantación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32864
Data envio: 27/06/2018 14:00:57.573





Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 13:59:51**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2018 14:00:00**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2018 14:00:07**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2018 14:00:13**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32879
Data envío: 27/06/2018 17:13:51.131

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións urxentes que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estrata LU-161 (Landrove-Ferreira do Valadouro).

O desenvolvemento dunha zona e o seu futuro depende, si ou si, da súa conexión e vertebración coas principais vilas e cidades do país. Depende da existencia de vías de comunicación que nos permitan, á poboación e ás empresas, acceder en pouco tempo e con seguridade ás vilas da comarca e conectarnos nun corto espazo de tempo ás vías de alta capacidade máis próximas.

Aquelas parroquias que se asentan entorno a estradas que no canto de favorecer a súa conexión,  as incomunica e as illa das vilas principais, ven perigar gravemente a súa existencia.

O deterioro e abandono destas estradas contribúe, amén doutros factores, ao esmorecemento de aldeas e parroquias, entre outras, como a de landrove, San Pedro, Valcarría, Chavín, San Andrés de Boimente, As Lobeiras,  Vilacampa cuxa principal vía de comunicación que as atravesa (LU-161) e que comunica os

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32879
Data envío: 27/06/2018 17:13:51.131

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios de Viveiro, Ourol, O Valadouro e Mondoñedo, entre outros, é unha estrada totalmente desfeita, con numerosas deficiencias no firme e no trazado, de escasa anchura, cunetas en mal estado e sen beiravías. Unha estrada onde as veciñas e veciños destas parroquias veñen sendo testemuñas, desde hai anos, de numerosos accidentes que sofren os usuarios deste vial debido á existencia de puntos especialmente sensibles para a circulación, con curvas perigosas, sen marxe entre o límite do carril e o final da calzada, escasa e mala sinalización horizontal e cunetas sen revestir, mal conservadas e cuns desniveis moi fortes que aumentan a gravidade e as consecuencias da saída da vía dos vehículos e que carece dun marxe mínimo que permita a/ao condutor/a corrixir a traxectoria, esquivar un obstáculo, ou frear, sen saírse da calzada.

Desde o BNG denunciamos a perigosidade e as condicións de abandono desta infraestrutura da Xunta de Galicia e critica a pasividade e a falta de interese dos responsables da Xunta do PP amosado pola seguranza viaria desta estrada que, a pesares das numerosas e continuas demandas feitas pola veciñanza e diversas entidades nos últimos anos, tan so se dedicaron a realizar obras de parcheo en tramos moi puntuais en épocas electorais, mais nunca chegaron a contemplar a erradicación dos puntos negros existentes nesta estrada nin a poñer en marcha actuacións necesarias para a mellora e o acondicionamento deste vial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32879
Data envío: 27/06/2018 17:13:51.131

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para mellorar o estado no que se atopa a estrada LU-161 entre Landrove-Ferreira do Valadouro?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2018 17:11:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2018 17:11:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2018 17:11:35**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2018 17:11:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2018 17:11:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2018 17:11:40**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Orzamentos Familiares e a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2017.

A enquisa de condicións de vida establece que os ingresos medios anuais por fogar en 2016, para o conxunto do Estado, aumentaron nun 3,1%, acadando 27.558 euros; sendo o ingreso medio por persoa 11.074 €, o que supón un incremento do 3,4% respecto do ano anterior. Non obstante, no caso de Galicia os ingresos medios por persoa sitúanse en 10.753€ , ocupando o 11º lugar de todas as CCAA.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,7%, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado, cun 6,2% dos fogares que manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes e un 23,7% que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Para o dato de distribución da poboación en quintiles segundo os seus ingresos, temos que o 36,4% da poboación galega se atopa nos quintiles 1º e 2º, fronte a un 15,5% que estaría no 5º quintil.

En canto á enquisa de Orzamentos Familiares, temos que o gasto medio por fogares medrou, en termos correntes, un 3,5%, situándose en 29.188 € e en 11.726 o gasto medio por persoa, mentres que para Galicia o gasto medio por persoa sitúase en 10.938€, o que supón un índice do 93,3% sobre a media de gasto medio por persoa, situándose na posición 12ª de todas as CCAA.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre estes datos?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:06
Nº Rexistro: 32885
Data envio: 27/06/2018 18:06:51.506

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 18:06:23**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/06/2018 18:06:32**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecía, na súa disposición adicional segunda, que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencia implementasen as Unidades de Valoración Forense Integral, coa función de deseñar protocolos de actuación global e integral nos casos de violencia de xénero tamén a través dun procedemento de valoración do risco de novas agresións e do risco vital que puidese ser emitido nun prazo inferior a 72 horas nos casos de urxencia, sendo en todo caso un informe complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima. En verbas do presidente do Comité Científico Técnico do Consello Médico Forense, "ao longo dos anos de xestión, as unidades que están a funcionar teñen amosado alto grao de eficacia e a súa resposta é moi apreciada polos diferentes operadores xurídicos. Non obstante, as diferenzas de xestión entre Administracións, a falla dunha normativa específica e as dificultades de dotación persoal e material interfiren de forma importante no seu desenvolvemento". Xa dende as primeiras sesións de traballo en 2010, as comunidades dependentes do Ministerio de Xustiza comezaron demandando este servizo, chegando á conclusión de que un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital é oportuno e viable.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión, dende a súa creación en maio de 2005, prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de

Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unhas das súas funcións é a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, mais non recoñece as Unidades de Valoración Forense Integral con facultades para emitir un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista. Cómpre dicir ademais que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto desta violencia nin, por suposto, da valoración do risco.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a cumprir o Goberno galego a Disposición adicional 2ª da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2018 09:56:07**

**María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 09:58:55**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2018 09:59:00**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/06/2018 09:59:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:04
Nº Rexistro: 32904
Data envío: 28/06/2018 12:04:41.298

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/06/2018 09:59:11**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:55
Nº Rexistro: 32927
Data envío: 28/06/2018 16:55:35.079

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado 26 de xuño aprobouse por unanimidade no Congreso dos deputados a tramitación da Proposta de Lei de Unidos Podemos-En Comú-En Marea para equiparar os permisos de paternidade e maternidade para que estes sexan iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.

Esta é unha moi boa nova que nos fai avanzar cara unha sociedade máis igualitaria e feminista.

No pasado pleno do Parlamento de Galicia o PP votou en contra dunha Proposición de lei que solicitaba o mesmo, pero no marco das nosas competencias, sen dar ningún tipo de argumentación.

Ante esta incoherencia gustaríanos saber cal é o posicionamento da Xunta ante esta medida.

O único que coñecemos até o de agora é o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade que só prevé, para 2021, a paulatina equiparación dos permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible até as 7 semanas na Función Pública, moi lonxe das 16 semanas que prevé a Proposta de Lei que votou favorablemente o PP no Congreso dos deputados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:55
Nº Rexistro: 32927
Data envío: 28/06/2018 16:55:35.079



Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte pregunta:

- Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre os permisos de paternidade e maternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2018 16:47:31**

**Paula Vázquez Verao na data 28/06/2018 16:47:43**

**Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 16:48:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 18:19
Nº Rexistro: 32939
Data envío: 28/06/2018 18:19:11.345

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O 2 de abril de 2018 a Xunta de Galicia publicou o procedemento para a contratación administrativa da execución da programación das actividades de educación non formal da Campaña de Verán 2018 (en 13 lotes), unha campaña que vai comezar o 1 de xullo.

A tardanza na convocatoria do concurso e o feito de que no prego de cláusulas administrativas para a contratación destes servizos a oferta económica ponderase un 60%, sendo o criterio que máis puntuaba, levou a que, tras a apertura do sobre B (oferta económica) varias empresas que optaban ás adxudicacións quedasen por baixo do custe mínimo establecido tendo en conta a estimación do que suporía aplicar o convenio colectivo do sector e por debaixo do custo de persoal estimado pola Xunta en cada un dos lotes. En todos os lotes salvo un a mellor oferta estaba por baixo dos custos mínimos establecidos para persoal por convenio colectivo. Ademais, unha destas empresas (SUPERNOVA) está incursa nun proceso xudicial, sendo o seu administrador investigado no marco da fraude dos cursos de formación (caso Qatedra).

Logo desta situación, 10 dos 13 lotes do concurso quedaron desertos, o 22 de maio de 2018, por considerar que as ofertas presentadas polas empresas non eran viables. Ditos lotes pasaron a ser adxudicados mediante negociación sen publicidade, por 949.489,68 € con IVE, a empresas que xa fixeran ofertas no

procedemento anterior - HEBE SPORT, MAREXADA e VIDA LÁCTEA – e que incumpriran, no procedemento anterior, "especificacións referentes a número de monitorado e a condicións laborais".

Así, para dar comezo ás actividades da Campaña de Verán 2018, a Xunta tivo que negociar en pechado coas empresas e improvisar solucións, convocando dun día para outro a monitores/as a un proceso de selección, indicando que se teñen que anotar no paro, coa intención de contratar directamente pola Xunta a primeira quenda dos campamentos. Mércores, 27 de xuño, colocáronse carteis en edificios administrativos da Xunta convocando a probas de selección para o día seguinte. Tamén colocaron anuncios as propias empresas vía redes sociais. Deuse o caso de que monitores/as estaban preseleccionados ou foran contactados por parte das empresas e que dun día para outro, ou mesmo no propio día, dende a mañá ata as 16 horas do día 28 de xuño, tiveron que anotarse nas listas do paro e arranxar todo o papeleo para poder acceder á selección. Ao ser esta unha categoría na que non hai xente nas listas de contratación, da Xunta o chamamento realízase mediante unha comisión de selección.

Esta rapidez e improvisación impide dar calidade ao servizo, xa que os e as monitoras que se incorporen descoñecen tanto as instalacións coma o futuro alumnado e compañeiros e compañeiras, non tendo tempo a preparar a campaña.
O convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural foi asinado o 21 de maio de 2015, coas conseguintes táboas salariais, que non se garanten coa oferta á baixa que se formaliza nos contratos dos campamentos de verán da Xunta ano tras ano. Anteriormente, os e as monitoras de tempo libre para estas actividades contratábanse directamente por parte da Xunta.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

É unha evidencia a falta de compromiso da Xunta co sector dos e das monitoras de tempo libre e co seu convenio de condicións laborais e salariais; é evidente a improvisación a respecto da Campaña de Verán e a falta de interese por parte da Xunta de ofrecer un bo servizo.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai a Xunta tomar en serio a Campaña de Verán en vindeiras convocatorias e garantir un servizo digno, a nivel de condicións laborais do persoal e de actividades ofertadas?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 28/06/2018 18:16:01**

**David Rodríguez Estévez na data 28/06/2018 18:16:09**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta** oral **urxente** en **Pleno**.

## Xustificación da urxencia

**A urxencia vén dada polas consecuencias que se derivan da sentenza nº 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a Valedora do Pobo.**

O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, en Galicia, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución. Constitúe, ademais, o faro da Transparencia na nosa Comunidade Autónoma, como supremo garante do acceso de todas as persoas á información pública.

O venres 29 de xuño deste ano, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaba a sentenza nº 327/2018, pola que, apreciando desviación de poder e arbitrariedade na resolución da Valedora do Pobo (fundamento xurídico sexto), estimaba a demanda interposta contra a resolución de 4 de marzo de 2016 que decidira a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe de servizo de Administración e Persoal da institución do Valedor do Pobo, e anulaba a dita resolución con expresa imposición de custas. Esta sentenza puxo de manifesto o notorio incumprimento das obrigas e deberes do cargo da propia Valedora do Pobo quen, segundo a propia sentenza no seu fundamento xurídico cuarto, vulnerou flagrantemente o procedemento relacionado coa imparcialidade no proceso de selección.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que a Valedora do Pobo está lexitimada para continuar no seu cargo despois da sentenza nº 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/07/2018 17:28:00**

**Raúl Fernández Fernández na data 02/07/2018 17:28:07**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/07/2018 17:28:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33014
Data envío: 02/07/2018 18:11:32.788

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Perez e Anxeles Cuña Bóveda,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno, con carácter de urxencia,** relativa á equiparación salarial dos docentes galegos.

**Xustificación da Urxencia.**

A Consellería de Educación négase  a asumir as demandas dos sindicatos de ensino que pulan por recuperar os dereitos económicos que lles quitaron nos anos da crise-estafa.  En lugar dunha negociación de boa fe, como indica a lexislación laboral no referente á negociación, a Consellería ven protagonizando durante as últimas semanas un “paripé” de negociación con propostas ridículas no monetario e demasiado longas nos tempos, propostas realmente inasumibles que son proba do desinterese que teñen por recuperar os dereitos das e dos docentes galegos.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta urxente para a súa resposta **oral en Pleno**:

Cando ten previsto o Goberno galego atender as demandas salariais do profesorado galego,  de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33014
Data envío: 02/07/2018 18:11:32.788

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 02/07/2018 18:08:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/07/2018 18:08:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:27
Nº Rexistro: 33015
Data envio: 02/07/2018 18:27:08.413

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Considera democrático que o seu goberno incumpra a Lei da CRTVG manipulando os medios públicos ao servizo do PP?*

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2018 17:04:32**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga,** portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como ten previsto impulsar a axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia que precisa o noso país?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/07/2018 16:00:34**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:29
Nº Rexistro: 33017
Data envío: 02/07/2018 18:29:24.601

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira,** Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, cando van deixar de utilizar as institucións e medios públicos en beneficio propio ou partidario?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 17:38:29**

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727